



FEIJOO, Pedro (2015): *Morena, perigosa e románica*. Vigo: Xerais, 431 pp.

Morena, perigosa e románica é, ata o momento, a última novela publicada de Pedro Feijoo, un dos autores con máis éxito na actualidade polas aplaudidas e premiadas *Os fillos do mar* (2012) e *A memoria da choiva* (2013). Nesta ocasión, Feijoo sorprendía aos seus lectores polo cambio de rexistro, xa que a súa última novela está caracterizada polo humor, adiantado no subtítulo da obra: “Unha comedia dantesca”.

Efectivamente, a estrutura da novela parodia a *Divina Comedia* de Dante Alighieri nunha peculiar homenaxe, xa que, ademais da introdución e o epílogo final, a novela divídese en tres partes claramente inspiradas na obra do escritor florentino: son o “LIBRO PRIMEIRO: un INFERNO con vistas á ría”, o “LIBRO SEGUNDO: ao PURGATORIO éntrase polo Mediterráneo” e o “LIBRO TERCEIRO: un PARAÍSO made in China”. Porén, a distribución dos cantos que forman cada libro non é homoxénea, xa que mentres o primeiro e o terceiro teñen dez cada un, o segundo, onde se desenvolve a maior parte da trama, consta de vinte.

O protagonista chámase Dante, aínda que aquí se apelida Odeón, e tamén vai acompañado no seu periplo por Virxilio, mais non se trata do célebre poeta latino, senón do seu gato. E tamén hai unha Beatriz, pero non se converte no motivo da procura do protagonista, senón que é a súa ex muller, a que lle era infiel co seu adestrador persoal. Mais aquí acaban practicamente todas as similitudes entre a novela de Feijoo e a obra de Dante.

Dante Odeón é un axente artístico especializado en proxectos que acaban inevitablemente en fracasos, xa que o seu ollo para contratar aos seus representados debe ser miope, ou mesmo birollo. É o caso, por exemplo, dos Mozos Cantores de Pereiro de Aguiar, un coro, como se pode supoñer, composto polos presos da cadea de Pereiro de Aguiar, que cando ían

dar un concerto na Fundación Penzol aproveitan para fuxir. Ou o hipnotizador que en cada actuación, en vez de hipnotizar ao público, o único que consegue é hipnotizarse a si mesmo e crer que é unha galiña. E así, pódese continuar co listado de representados.

Debido aos seus negocios ruinosos e á ruptura con Beatriz, Dante vese obrigado a abandonar o seu piso no centro de Vigo e mudarse a un dos vellos edificios de Fenosa, bastante deteriorado, no barrio do Troncal. É neste contexto de fracaso vital, laboral, sentimental e económico no que recibe a visita da súa veciña, a señora Gladis Chismes, que lle pide, pensando que traballa como axente secreto e non artístico, que atope ao seu fillo, que leva unha semana sen saber del.

Gladis Chismes é unha divertida transgresión do estereotipo da *femme fatale*, xa que é viúva, ten unha idade afastada da mocidade e non concorda co canon actual de beleza. De feito, Gladis Chismes é seguramente a antítese da clásica *femme fatale* que se popularizou na primeira metade do século XX, pero actúa como unha delas, xa que aproveita a súa sensualidade para xerar o desexo carnal en Dante coa finalidade de que este non poida rexeitar o seu encargo. Para iso inflúe a desesperación do protagonista, que leva tempo sen estar con ningunha muller e pensa que Gladis pode ser un bo antídoto contra o recordo de Beatriz. Mais, como toda *femme fatale*, as súas intencións non son tan transparentes como Dante e mais o lector puidesen pensar.

O protagonista non tarda en localizar a Miqui Chismes, o fillo de Gladis, en L'Squina, a popular bocatería de Vigo, pero atópao en compañía dun grupo que se fai chamar a Banda Perigo. Axiña descobre que esta banda pretende levar a cabo plans delituosos e o seu obxectivo é roubar o Botafumeiro da Catedral de Santiago. Dante alármase e trata de quitarlles a

idea da cabeza, e para iso ofrécelles, de xeito irónico, outros plans igual de aloucados e sen fundamento, como roubar o Cristo da Vitoria ou a Virxe de Guía, ou secuestrar a futbolistas como Borja Oubiña, Gudelj, Cruyff ou Messi, ou mesmo a Copito de Nieve. O que obviamente non esperaba Dante é que lle fixesen caso e pretendesen levar a cabo algún dos seus plans...

A Banda Perigo está formada, inicialmente, por catro homes e una muller que reflicten a dureza da crise económica e social que está a atravesar o país. Atila Prudencio, o xefe do grupo, é o pai de Linda Love, a moza de Miqui Chismes e membros ambos os dous da banda, e amosa o seu desencanto coa situación laboral actual, xa que se ve obrigado a delinquir para poder subsistir. Esa reflexión é o contrapunto serio e dramático da novela, xa que presenta aos personaxes, incluído tamén o protagonista, como persoas sen futuro que se agarran a calquera esperanza, por perigosa ou ilegal que esta sexa, para tentar sobrevivir nunha época insegura e inxusta.

A obra está narrada en primeira persoa polo protagonista, agás algúns capítulos que se centran noutros personaxes (que non imos desvelar para non adiantar acontecementos). Estas partes, aínda que rompen a coherencia narrativa ao amosaren episodios non vividos polo protagonista e que, por tanto, non pode coñecer (e de feito aparecen a través dun narrador en terceira persoa que non se identifica, malia que polo sentido do humor e polo ton podería ser o propio Dante Odeón), son necesarias para que o lector comprenda o desenvolvemento da trama e sobre todo o seu xiro final.

A novela de Pedro Feijoo caracterízase, como xa apuntamos, polo seu humor e pola parodia continuada de moitos elementos tanto literarios e cinematográficos como da cultura popular. A ironía e o sarcasmo están constantemente na boca do protagonista, sumados á retranca galega que tan ben conxuga o escritor. Posibelmente un dos retos máis grandes que pode afrontar un escritor é o de facer rir aos seus lectores, e Pedro Feijoo conségueo en múltiples ocasións. A única dúbida que nos queda é saber como vai envellecer a novela, pois moitos chistes e moitas das referencias que se ofrecen na novela están ancoradas no presente máis inmediato, e haberá que ver se continúan mantendo vixencia ou se, co paso do tempo, se perden eses referentes e o lector do futuro non poderá entender esas bromas.

Sen dúbida, trátase dunha novela moi entretida e moi recomendábel que posibelmente consiga atraer a persoas non acostumadas a ler obras de ficción, xa que *Morena, perigosa e románica* capta dende a primeira páxina a atención do lector co seu humor e co interese de coñecer o que lle sucederá aos personaxes nas súas extravagantes aventuras.

Polo tanto, debemos felicitar ao autor da novela, xa traducida ao castelán como o resto da súa obra novelística, por traernos unha historia e uns personaxes tan divertidos, e á súa editorial, Xerais, polo coidado da edición e pola acertada elección na ilustración de portada.

Javier RIVERO GRANDOSO
 Universidad Complutense de Madrid
 javierriverograndoso@filol.ucm.es